



Ollos abertos

Soñamos cunha vida feliz

Todos soñamos cunha vida feliz, sen ningunha dor nin sufrimento... pero ás veces temos dores e enfermidades e sufrimos por desgustos e penas de todas clases.



■ O termómetro da felicidade

Gozar de boa saúde.

Eu

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Os demais

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Ser amados e acollidos polas persoas que nos rodean.

Eu

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Os demais

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Ter éxito nas actividades que realizamos.

Eu

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Os demais

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Dispoñer de bens que nos faciliten o benestar.

Eu

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

Os demais

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|

▶ Pensa en ti: ¿Que nota te dás a ti mesmo en cada unha destas cinco calidades segundo a túa situación real?

▶ Pensa noutras persoas que coñeces algo: ¿Que nota lles dás segundo o que cres que viven e senten?



Mirada penetrante

Buscamos a felicidade

Todos queremos ser felices e buscamos a felicidade, aínda que, polos problemas e sufrimentos que temos, non sempre a conseguimos.

■ Actitudes positivas para ser felices

Poñer da nosa parte todo para coidar a saúde, ter bo comportamento, ser queridos, triunfar nos estudos e demais actividades...

Preocuparse de que tamén os demais sexan felices e non só buscar a propia felicidade.



- ▶ ¿Cales destas actitudes che parece que se dan máis?
- ▶ ¿Cales crees que son as máis acertadas?



Oídos atentos

Creados para ser felices

1



O que o ollo non viu, o que o oído non sentiu, e o que non pasou pola mente do home, iso preparou Deus para os que o aman. (1 Cor 2,9)



- *Daquela habemos ver cara a cara... Daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. (1 Cor 13,12)*
- *Libres do pecado..., tedes coma resultado final a vida eterna. (Rom 6,22)*
- *Enxugará as bágoas dos nosos ollos e non haberá máis morte, nin choro, nin pena. (Ap 21,4)*
- *Volverei e levareivos comigo, para que, onde eu estou, esteades tamén vós. (Jn 14,3)*
- *Transformará o noso corpo cheo de miserias conforme ao seu corpo glorioso. (Flp 3,21)*
- *Seremos semellantes a El, porque o veremos tal e coma é. (1 Jn 3,2)*
- *Todos nós, reflexando coma nun espello a gloria do Señor, ímonos transformando na súa mesma imaxe. (2 Cor 3,18)*

- ▶ Relaciona estes textos bíblicos cos tres recadros do gráfico.
 - Busca frases bíblicas que correspondan ás ideas e palabras de cada un dos recadros.
- ▶ Felicidade completa, perfección total, vida plena e eterna...
 - ¿Que aspecto valoras máis, cál che parece máis importante?
 - ¿Que che parece esta felicidade que Deus nos dará?

■ 2 ■

Tres posturas ante a oferta de Deus:

| | | |
|--|--|------------|
| | Vivir sendo sempre unha boa persoa, e facendo realidade o evanxeo | Ceo |
| | Vivir sendo unha persoa ruín e non querendo saber nada de Deus e de Xesús | Inferno |
| | Vivir esforzándose por ser unha boa persoa pero sen conseguilo, de xeito que moitas veces en vez de facer o ben se fai o mal | Purgatorio |

► Completa esta frase.

Eu desexo aceptar a oferta que Deus me fai de _____.
E para iso quero vivir _____.

■ 3

A nós tócanos intentar ser fieis á súa Palabra, confiados sempre na súa misericordia



Mans activas

■ Para acoller a promesa da vida eterna necesitamos...

Crer nel e tratar de ser fieis á súa mensaxe.



A vontade do Pai é que todo aquel que ve ao Fillo e cre nel teña vida eterna e eu resucitareino no último día. (Xn 6,40)

Querer a todos de verdade é a garantía de que entraremos na vida eterna.



Nós sabemos que pasamos da morte á vida, porque amamos aos irmáns. (1 Xn 3,14)

Camiñar na certeza de que, se somos fieis, o Señor daranos o premio prometido.



Combatín unha loita brillante, rematei a miña carreira, gardei a fe; O que resta é a coroa de xustiza, que me está reservada. (2 Tim 4,7-8)

Estar sempre preparado para acoller ao Señor cando veña.



Estade preparados, porque á hora que menos pensades virá o Fillo do Home. (Lc 12,40)

| Situación | Actitude recomendada |
|---|----------------------|
| Miguel cre pouco en Xesús e di que non lle interesa a felicidade que Xesús pode darlle despois da morte | |
| Sonia pensa que é demasiado nova para pensar na morte; di que lle queda aínda moito tempo, cando sexa maior xa pensará niso. | |
| Andrés é un rapaz bo; di que cre moito en Xesús e quere ser o seu amigo, pero non se preocupa dos demais nin fai nada por axudarlles. | |